

Segunda transición para Chile

Description

Hai agora unha semana que o Eduardo Frei sinaliou, en Baiona, as semellanzas dos respectivos modelos de transición e a inconveniencia abrir os baús para airear os mortos agachados no armario, acumulados durante as respectivas dictaduras. O presidente chileno non tentaba xustificar a leximitude dos cadáveres políticos dos antigos réximes, que agora gozan de boa saúde ao resucitar para exercer en democracia. Tampouco pretendía facer análises comparativas sobre particularidades que Chile e España arrastran dende as imperfectas transicións a democracia.

As ben medidas e descorcentantes palabras de Frei están en unha doada xustificación en clave interna. Estamos ante un presidente debilitado polas pasadas eleccións de decembro do 97, nas que os partidos da coalición gobernante sufriron un retroceso de 5 puntos para quedar só co apoio do 50,5% do electorado, mentres a coalición de partidos de dereita, mais ou menos "filipinochetistas", agrupados en torno ás siglas Unión por Chile, subían tres puntos para situarse nun inquietante 36%. Neste proceso electoral uns 1.000.000 de mozos e mozas abstivéanse desencantados da democracia "Ligh" e a política de consensos.

Diante as inminentes eleccións presidenciais do 99, O partido de Eduardo Frei está atrapado e quere proxectarse coma defensor do centrismo, do consenso, do equilibrio e da cohesión da sociedade. Non quere reactivos externos aceleren a polarización da sociedade, anque saiba perfectamente que unha boa parte de sociedade chilena coida chegada a hora da segunda transición.

Os cogubernamentais socialistas e socialdemócratas apostan decididamente por liberarse das ataduras da democracia tutelada e manifestan estar decididos a acabar para sempre cos vestixios da dictadura, tomando iniciativas nas que poidan acentuar o seu perfil progresista, desdibuxado na pactista coalición de goberno. Pretenden tensar a corda pero, ao tempo, son responsables de que non rache.

No espectro máis esquerdista os extraparlamentarios comunistas están aumentando a súa presenza social e posúen o 6,85% dos votos. Só o déficit democrático de Chile lles impide entrar nas institucións parlamentarias.

Por outra banda, os herdeiros e guardiáns das esenciais da dictadura saben que están ante un desesintres históricos nos que se xogan todo a unha carta. Tentar o retorno semella difícil nunha economía globalizada, pero historia ensina teimudamente que a aparente fortaleza do autoritarios non resiste a verdade. A transparencia da xustiza pode precipitalos na marxinallidade e por iso promoven a axitación e a mobilización na defensa do octoxenario e debilitado senador vitalicio, para evitar que se xulgue un período negro no que moitos implicados aínda conservan altos postos na estruturas políticas, xudiciais e militares.

Este amplo sector da sociedade chilena está pasando a ofensiva con argumentos que nos transportan a nosa historia recente. Aseguran, nos xornais chilenos, ter documentos que proban a existencia dunha trama de esquerdosos chilenos, españois e británicos, que coordinadamente conspiraron contra o liberador do comunismo, aproveitando un momento de fraxil saúde, no que periga a súa vida. Son sabedores que se superan ese delicado momento e se Pinochet regresa a Chile, sen sufrir a embestida da xustiza, saíron reforzados e teríñ prolongado a súa seguridade e o protagonismo.

Coas doses apropiadas de habilidade e intelixencia como para non provocar a fragmentación social, a detención e xulgamento de Pinochet, a súa expulsión ou repatriación – por exclusivamente razóns humanitarias-, pode encetar un período no que Chile afronte a segunda transición para recuperar as liberdades atenzadas. A constitución vixente serveu para avanzar cara ao Estado de Dereito, pero compre consolidar a plena democracia.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Latinoamérica ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Outubro 26, 1998

Meta Fields

Autoria : 10036

Datapublicacion : 19981026